JAIME QVINTANILLA

# ALÉN



JAIME QUINTANILLA

# ALÉN

COMEDIA DRAMÁTICA, N'UN ACTO E TRES :: .: :: CADROS, EN PROSA, ORIGINAL :: :: :::

FERROL, 1921.



IMP. EL CORREO GALLEGO
RUA REAL, 139 E 141.

Pra o Vicente Risco

«Vivía, e vive e sempre viverá!
Pois tudo, tudo, ha de passar, emfim!
O Homem, a propria Terra passará!
Ha de passar a Noite, a luz do Sol!
E tudo passará... Mas a Saudade
Não passará, jamais! Ha de ficar,
Porque ela é o Infinito e a Eternidade,
Sobrevivente aos mundos e ás estrelas.»

*Teixeira de Pascoaes.-(MARANOS.)*

# PERSOAJES

HELEN, rapaza de 22 anos, de cabelos loiros, que foi mui leda e qu'agora non fai mais q'unha cousa: agardare. Traje preto.

TEX-BLAKE, mozo de 30 anos, forte, de moita vountade. Nin é espritualista nin materialista. De moito corazón.

PATRICK MAC-NEILL, irlandés de 28 anos, gran patriota. Crênte até chegare â supertición.

JOHN MURPHY, vello de 70 anos, xordo, segorella, medio tullido, algo parvo, e que soiamentes pensa, arripiado, na morte.

SPILLER, rapaz de 20 anos, rejoubeiro, que ríse de tod'ó diviño e mail-ó humano.

COLLINS, ingrés de 35 anos, con menos habelencia qu'a d'unha toupa.

GILFORD, home lacazán, de 40 anos, que pensa nada mais que nas suas cobizas.

SCHLEICHER, alemán de 37 anos, home todo método e compostura.

A ESCEA NO NOVA-YORK. ÉPOCA D'AGORA. NA CASA DE HELEN.

## ADEVERTENCIA

O asunto que ven á sere base d'ista comedia sucedeu, reialmentes, na Norte América, e d'il fixéronse eco todol-os jornaes do mundo.

A comedia escomenza un mes dempois do suceso.

# ACTO ÚNICO

# CADRO PRIMEIRO

É na casa de Helen, na cibdade de Nova-York. A casa é modesta, no medio d'unha rua silandeira d'un dos barrios mais arredados do centro da cibdade. Emporiso, no ban qu'imos ollarmos, hai mobles de moito gusto e notas de bon goberno femenino.

E de noite, noite de luar craro. N'habitación non hai luz acesa, mais entr'a lua por unha fenestra da esquerda. No medio hai un velador de tres pés, mouro. Ao redor d'il, todol-os persoajes da obra, coas maus postas encolo do velador, ao jeito dos espritistas no momento das invocacións. Silenzo longo, mui longo. *(O autor prega que, dempois d'erguid'o pano, tárdese en escomenzare o parrafeio de dous á tres minutos, coa moestra na mau).*

O silenzo crébase de cando en cando, porqu'o SPILLER ríse do MURPHY. Iste, morto de sono, non fai mais que toqueare e moverse desacougado cando o SPILLER faille suligras nas nefres c'unha palliña.

---

SCHLEICHER. Chegou a hora. Son as duas dá mañán. *(Ollando a sua moestra).*

HELEN. ¿As duas ja?

SCHLEICHER. As duas.

SPILLER. Isto é pra morrere coa risa.

COLLINS. Pois eu non sei porque vosté ríse...

SPILLER. Nin eu tampouco. Sábeo o Murphy.

SCHLEICHER. Formalidade, meus señores. Isto non é cousa de risa nin moito menos.

HELEN. Por agarimo ao morto e por respeto a mín...

MAC-NEILL. Si vosté, Spiller, ríse outra vez dareille unha labazada.

SPILLER. Eu lle non teño medo á ningún irlandés.

MAC-NEILL. E á un irlandés lle non pon medo nada do mundo.

MURPHY. A morte, a morte....

MAC-NEILL. Nin a morte, meu señor. Si mais alén da morte se non atopara Deus....

GILFORD. Ben, ¿qué faguemos? Porqu'isto é botarse ao doután. Eisí se non fai nada de proveito.

SCHLEICHER. Estou d'acordo cô que dí Mr. Gilford. ¿Qué faguemos, meus señores?

HELEN. Ó que vostedes queiran, meus amiguiños. Hoje tampouco veu, como de cote... ¿Quén sabe si mañán....?

JEX-BLAKE. No hai porque desafiuzárese, miss Helen. Eu atópome con moita conformidade e con moito

aquél... Eu teño a seguranza de que ha retornare... O seu esprito atopárase, ainda, atraguido fortementes pol-os vencellos carnaes.

SCHLEICHER. Fai ainda un mes que desencarnóu.

JEX-BLAKE. Un mes non é nada na vida do esprito. O noso moito querido amigo e mêstre matóuse pra donárenos unha proba material e xurdia da vivente realidade do espritismo. Él era, quezaves, en tod'o mundo, o mais grande mêstre do espritismo. E cando él matouse, cô oujeto de dar aquela proba, é que tiña unha seguranza ausoluta na verdade das nosas doutrinas, ¿non sí?

GILFORD. Naturalmentes...

JEX-BLAKE. Certo é que levamos un mes sin outermos un resultado afiuzadore. Mais iso non proba nada contra a doutrina. Certo é, tamén, qu'éramos mais d'un cento d'amigos e hoje non chegamos â ducia. Mais dos qu'agardan sempre, será o reino dos ideás.

HELEN. Si eu agardo sempre, sempre... Vostedes saben ó qu'eu quería ao noso amigo e mêstre. Foi o meu primeiro, o meu único amor. A sua morte foi, pra mín, que creio na inmortalidade da y-alma, como a miña propia morte. Coidei morrere. Vivo e alento nada mais que pra chorare. ¡Agardo sempre e sempre choro! Qu'eu ja non sei si as bágoas son agardanza ou si a agardanza é cousa de bágoas. Mais vejo en vostedes, nos homes, unha tan grande falla de fé... Éramos moitos e somos muy poucos. Y-eu pergúntome, âs veces, ¿cándo os homes, que saben mais d'istas cousas, ja non teñen fé nin agardan, será todo mentira? ¿Morrería él pra sempre? ¿É que ja acabou todo coâ morte?

COLLINS. Eu coido que non. Si o home nace pra morrere, ¿pra qué o traballo de vire ao mundo?

JEX-BLAKE. Ten razón Mr. Collins. Levamos un mes, nada mais, evocando o seu esprito. ¿E por qué ha vire

n'un mes? ¿É qu'hai datas de días e de meses no alén?

HELEN. Non. Mais hainas na terra. E si él, alén da vida, sabe do meu desacougo, do noso desacougo, ¿por qué non ven pra aledárenos?

SCHLEICHER. ¡Quén-ó sabe! ¿Estamos seguros de qu'empregamos centíficamentes o sistema d'invocación? Pode dar que non. Pode dar qu'a nosa técnica seia ruin. Os espritos poden dependurare, no alén, da técnica.

GILFORD. Iso da técnica é moito intresante. Eu veño eiquí por adeprendere a técnica. Eu deseio ter â técnica asoballada. E vejo que vostedes non-a coñecen. O esprito do mêstre non ven, quezaves, n'agardanza de qu'os seus discípulos adeprendan os elementos da cencia.

SCHLEICHER. Os elementos sabémolos todos. Empregamos os ritos do Allán-Kardec. Miss Helen é tan boa *medium* como a Eusapia Paladino. Ten feito, diante de todos nos, *aportes*. Na tiptología é

unha verdadeira especialidade. Iste velador ten rubido pol-o ar. Dendes do Salomón hastra o Jesu-Cristo, pasando pol-o Sócrates e o Bismark, acudiron âs nosas invocacións os mais grandes homes da humanidade. O único que non viña era o Nietszche, quezaves porqu'eu son alemán...

JEX-BLAKE. Sí, sí; mais vosté quere decire que pra o noso mêstre...

SCHLEICHER. Pode dare que percisemos unha técnica especial.

HELEN. Discutan canto queiran, mais me non deijen. Me non deijen soia.

JEX-BLAKE. Non-a deijaremos, muller. ¿Non é certo, Schleicher?

SCHLEICHER. Por mín... Eu seguirei vindo todol-os días.

COLLINS. Conmigo conten, tamén...

GILFORD. Eu non sei si viréi ou non. Teño qu'adeprendere a técnica. Y-eiquí non-a adeprendo. Na República do Ecuador fanse moitos cartos cô espritismo. Eu teño un curmán que fíxose rico. No Méjico hai tamén gente que vive do mesmo...

HELEN. Nós somos probes, Mr. Gilford.

JEX-BLAKE. E somos gente que vivimos ao chou. Nin tan xiquer cobrámosle á vosté pol-as leucións recibidas...

GILFORD. É qu'eu atópome disposto á pagare ó que seia.

HELEN. Ista leución d'agora tampouco cobrámoslla...

SPILLER. Eu virei todal-as noites. A miña noiva non pode falare conmigo, por mor do seu pai, deica as primeiras horas da madrugada. Y-estando con vostedes... pois espilo o sono.

MAC-NEILL. Tamén poden contar conmigo. O noso mêstre era fillo d'irlandesa y-eu son irlandés. Son cuáseque compatriota do morto.

HELEN. *(Agarimosamentes á JOHN MURPHY, qu'ainda non retirou as maus do velador.)* Mr. Murphy, Mr. Murphy ¿seguirá vosté honrando a miña casa?

MURPHY. ¿Por qué non está ainda a luz acesa?

HELEN. Home, ten vosté razón. Jex-Blake, ¿ten vosté a bondade d'alcendere a luz?

Jex-Blake. Con moito gusto. *(Faino. É luz eléctrica).*

Helen. ¿Virá vosté todal-as noites, Mister Murphy?

Murphy. ¿Por qué non está ainda a luz acesa?

Jex-Blake. Acesa está, Mr. John Murphy.

Murphy. Non, non. Eu falo das brétemas da miña-y-alma, do mouro da miña vida d'antergo, que olla con medo como acaróase a morte paseniñamentes. Eu quero qu'a luz alcéndase. Que veña á nos a luz, acudindo âs nosas invocacións o esprito do amigo... ¡Eu non quero morrere! ¡Non quero qu'a morte seia unha eterna brétema pra mín! ¡Eu non quero morrere! ¡Non quero!! .

Helen. Todos andámoslle âs toas ¿Qu'hai no alén da vida? Por sabelo matóuse él Por sabelo ajuntámonos todal-as noites. Por sabelo pergunta vosté por qué non está a luz acesa.

Gilford. A vida, a vida: eis o verdadeiro probrema. Déijense de trécolas. Lles non hai mais qu'a vida. Eu soilo cóidome da vida.

HELEN. Non fale vosté mais, Mr. Gilford; pídollo por favor. Si á vosté lle non intresa mais qu'a vida, non ten nada que faguere eiquí.

GILFORD. E á vostedes lles non intresa outra cousa qu'a vida, aínda que coiden ó contrario. A vida do alén, si vostedes queren. Ao Mr. Murphy intrésalle sabere qu'hai outra vida, dempois d'ista, ja pra él á finare. A vosté, Miss Helen; intrésalle saber da vida do home que quixo tanto. ¿Quêr vosté cousa mais viva qu'a noiva do Spiller?

SPILLER. Como unha volvoreta...!

HELEN. Eu non quero discutir, non sei discutir. Eu soio sei qu'él non vive! E que soio vivo pol-a espranza de poder, aínda, falare cô él dempois de morto. Eu agardo e agardarei sempre. E cando non teña mais qu'agardare... ¡agardarei aínda!

JEX-BLAKE. Tamén eu teño fé. Non é qu'eu creia nin deije de creere. É que fun moito amigo do morto e que son, por outra beira, moito mais amigo de vosté, Helen. Son es-

pritista, sí. Mais, tamén... son futbolista. A miña fé é, mais que nada, unha proba d'amistade. D'amistade, especialmentes, pra vosté, Helen...

HELEN. Y-eu agradézolla, Jex-Blake... Mais se non esqueza de qu'aínda o morto está quente.

JEX-BLAKE. Me non esquezo, Helen.

SCHLEICHER. É mui tarde, meus señores; é mui tarde. Imos sair d'eiquí âs tres da mañán.

COLLINS. Pois ímonos logo.

MURPHY. Escóitenme aínda. Non sei por qué, mais teño a seguranza de que hoje viría o noso amigo. C'un pouquichiño de pacencia...

SPILLER. Olla o demo do vello. *(Falando co il)*. É mui tarde, Mr. Murphy. Vosté morrerá ajiña.

MURPHY. ¿Qué di, queridiño?

SPILLER. Que vai morrere ajiña. E que no outro mundo se non poden emprestare cartos ao doce por cento.

MURPHY. Á o dez, meu amigo; á o dez nada mais. Cô ises réditos emprésteichos eu...

SCHLEICHER. Boas noites, meus señores. Eu vóume.

COLLINS. Y-eu tamén.
GILFORD. E todos.
HELEN. ¿Conto, logo, con vostedes?
SCHLEICHER. Sí, sí; todos viremos mañán.
SPILLER. Boas noites, Helen. Vou á falare coa miña volvoreta.
HELEN. Delle as miñas lembranzas.
SPILLER. Dareillas.
GILFORD. Deica mañán, miss.
HELEN. Deica mañán, Mr. Gilford.
COLLINS. Boas noites, miña amiga.
HELEN. Boas noites.
MURPHY. Ninguén lémbrase d'iste probe vello. ¿Quén ven conmigo? Podo caéreme nas ruas, qu'están moito escuras.
COLLINS. Eu irei cando vosté, Mr. Murphy.
MURPHY. Deus llo pague, queridiño. *(COLLINS colle do brazo á o MURPHY). (Van saindo todos, por unha porta da dreita, agás o JEX-BLAKE).*
HELEN. Adeus, Jex-Blake. Deica mañán.
JEX-BLAKE. Agarde á que marche isa tropa. ¿Premíteme uns verbos?
HELEN. Verbos de qué e pra qué?
JEX-BLAKE. Nada mais que d'amistade, de fonda e sinceira amistade.
HELEN. Váiase, Jex-Blake. Ja sabe que

vivo soila. Que non teño porque andare nas falas das gentes. Si algo tén que me decire, veña de día.

JEX-BLAKE. Deica mañán, Helen.

HELEN. Deica mañán. *(Vaise JEX-BLAKE car'â porta da dreita). (HELEN, rompendo á chorare, cae n'un sofá).*

JEX-BLAKE. ¿Chora, Helen? ¿Chora por mín?

HELEN. ¿Por vosté?

JEX-BLAKE. Pol-o meu deseio de lle falar, pol-os meus verbos...

HELEN. *(Rindo desacougada, côas bágoas nos ollos)*. Dendes qu'él morreu, Jex-Blake, é ista a primeira vez que río...

(CAI O PANO, POUCO Á POUCO)

# CADRO SEGUNDO

Ó mesmo que no cadro primeiro. Cando érguese o pano, HELEN vaille abrire a porta á SPILLER, que ven da rúa.

HELEN. Mui boas, Spiller. Hoje é vosté o mais madrugador de todos.

SPILLER. É qu'hoje, quezaves, poida dare que seia o derradeiro día que veña â vosa juntanza.

HELEN. ¿E logo? Cónteme, hó.

SPILLER. Estóulle tolo de ledicia. Hoje é un día no que teño qu'embebedáreme.

HELEN. Séntese, hó. E cónteme.

SPILLER. *(Séntase)*. Voume casare, Helen. Isto é cousa feita.

HELEN. ¿E o pai da sua rapaza?

SPILLER. O pai da miña noiva está feito unha malva. O pai da miña noiva é unha boa persoa.

HELEN. ¿E á qué débese o milagre?

| | |
|---|---|
| SPILLER. | Á que dende hoje, Spiller vai sere actor cinematográfico. |
| HELEN. | ¿Vosté? |
| SPILLER. | Eu. |
| HELEN. | ¿E de qué casa? ¿Con quén? |
| SPILLER. | Nada menos que con «Charlot». Cô mesmo Charles Chaplin. |
| HELEN. | ¿Con «Charlot»? |
| SPILLER. | Cô mesmo Charles Chaplin. Estoulle tolo de ledicia. Tan ajiña fijéronme a contrata fun â casa da miña noiva, díjenllo ao pai d'ela e o pai deume un bico que coidei que me trababa. |
| HELEN. | ¿E como foi eso? Non me dijo nada. |
| SPILLER. | ¿Qué cómo foi? Foi d'un jeito ben sinjelo, cando eu menol-ó pensaba. Débollo â Compañía Novoyorkina de Teléfonos Urbás. |
| HELEN. | ¿Algunha recomendación? |
| SPILLER. | Ningunha. Ja verá. Eu traballaba, por conta da Compañía, no tendido dos cabres. Âs veces hai que faguel-os tendidos por riba dos rascaceos. Atopábame eu ontes n'un vintecatro sobrado, na rua de Pensilvania. Preto de uns douscentos de metros d'outura. ¡Elle unha cousa jur- |

dia! O Nova-York párcelle mesmamentes unha lilaila. Os homes, pequeniños. Os autos, como bichiños que corren pol-as ruas. Craro é que se ja tén matado algún. Un compañeiro meu, caíuse unha vez. Coido que non chegou â rua e qu'esnaquizóuse pol-o ar. Bueno. Pois o Charles Chaplin veume tecendo nos aramios. Veume e chamóume. Díjome que il percisaba un home pra unha película, que non tivera medo âs outuras. Eu díjenlle que bueno, qu'eu non tiña medo. O «Charlot», qu'é un home mui serio, pagaráme... ¡cen dólares diarios!

HELEN. ¡Qué sorte!

SPILLER. Mais ainda non remata ahí a cousa, Helen. Eu decateime, tan ajiña falei cô «Charlot», que poñéndome eu en ousado gañaría mais. —Ben—díjenlle—está ben ó dos cen dólares diarios, mais eu teño unha noiva. —¿E qué?— perguntóume él.—Pois que quero casare cô ela.—¿E qué?—voltou á deci-

re.—Pois que tamén quero colocación pra miña rapaza.—E dito e feito; a miña noiva vai, tamén, á sere peliculeira. Eu coido qu'a miña rapaza vai sere unha nova Mary Pickford.

HELEN. ¡Quén sabe!

SPILLER. Ah, lle non deia voltas... A miña noiva tenlle moita mais gracia qu'ela e moita mais danzalía. ¡Moita mais gracia! ¡Eu escáchome de risa cô ela!

HELEN. Sí, é moito graciosa. Mais non abonda cô iso pra o púbrico.

SPILLER. Ja m'estou vendo retratado nas carteleiras, â beira do «Charlot» e do Antonio Moreno. E á miña rapaza, lucindo a sua trenza de cabelos loiros, côa sua cara leda e meluriña atraguendo aos púbricos de *cine* e coñecida nas cinco partes do mundo...

Tamén lembrámonos de vosté, Helen. Si vosté quere, eu falareille ao «Charlot». Farémonos ricos, Helen.

HELEN. Gracias; moitas gracias, Spiller. Ja sabe qu'eu me non moverei da miña casa. ¡Elle unha pena

mui grande a de s'atopare casada c'un morto!

SPILLER. Sí, muller; sí. Falando do meu, me non lembraba dó de vosté.

HELEN. Ja decataráse do soliños que ficamos. Éramos centos, cando él vivía. Éramos unha ducia, ao mes da sua morte. Hoje, pasados catro meses, somos catro: vosté, Jex-Blake, Schleicher.... y-eu. Agora vaise vosté. Chámao a vida. Ficaremos tres. Quezaves mui ajiña non fique ninguén.

SPILLER. Non hai que lle faguere, Helen. Foi unha tolería a do seu noivo e mêstre. Matárese, ¿por qué? ¿Qu'había moitos que non tiñan fé? ¡Pois que non-a tiveran! Que fijera ó que eu. ¿Veñen cen dólares diarios? ¡Pois vivan os cen dólares!

HELEN. E vosté pode morrere pol-os cen dólares... Ó menos que pode pedírese é que vallan tanto as ideias, pra un home d'ideial, como pra vosté os cen dólares.

SPILLER. Mais é difrente...

HELEN. A única verdade son eu. ¡A única!

Eu son o delor, o eterno delor, o inmorrente desacougo. A miña vida non vive mais que pra a lembranza d'él. E pasan-os días, e pasan-os meses e todo pasa, agás unha cousa: o seu recordo, qu'é cada día en mín mais agirgilante, mais de carne e hoso, mais craro e aloumiñador.

SPILLER. Vosté ten que retornare â vida, â vida trafegadora de decotío. Ten que vivire comol-os demais vivimos. ¿Non é unha pena q'unha rapaza como vosté, chea de beleza e de mocedade, asolágue se nas augas d'unha eterna mágoa? Eu sonlle ainda mui mozo: teño nada mais que vinte anos. Vosté terá outros vinte...

HELEN. Vintedous...

SPILLER. Ben: vintedous. Quérolle decire cô iso qu'eu, pol-o d'agora, non son quen pra dar consellos á naide. Mais eu sei—e seino de boa tinta—qu'o Jex-Blake, poño por caso, é un home capás de facel-a vida con vosté...

HELEN. Seino. E sei tamén qu'o Jex-Bla-

ke éncheme d'atenciórs, que está conmigo moito respeitoso...

SPILLER. ¡Pois á vivire, que diaño!

HELEN. ¡Á vivire! ¡Vosté non é capás de m'entendere. ¡Si eu lle dijera que vivire, pra mín, é iste morrere de todol-os días, iste non vivire pensando de cote n'il!

SPILLER. Alá vosté, Helen. Eu ofrézolle o longo *metraje* como unha nova vida de consolo. *(Chaman â porta)*. Chamaron, Helen.

HELEN. Eu abrirei. *(Vai á abril-a porta)*. *(Entra SCHLEICHER)*.

SCHLEICHER. Mui boas tardes, Helen. Hola, meu querido Spiller.

HELEN. Mui boas tardes.

SCHLEICHER. Ten que me perdoare. Veño un pouco retrasado por mor d'uns asuntos comerciaes...

HELEN. Vosté ven cando queira, Schleicher. O trocal-as sesiós pr'as tardes non fijo retere aos amigos, y-en troques ten aquela contra de que ninguén poida vire puntualmentes.

SCHLEICHER. ¿Y-o Jex-Blake?

HELEN. Ainda non chegou. Sómoslle poucos e mal acaídos. Coido que

virá ajiña. O Spiller vainos deijare.

SCHLEICHER. ¿E logo?

SPILLER. Pois ahí ten. Cousas da vida. Voume casare, Mr. Schleicher.

SCHLEICHER. ¿Á casare?

SPILLER. Si, señor. Téñolle unha sorte tola. Vou sere peliculeiro. O Charles Chaplin contratóume pra impresionare películas. O feito de que eu ácheme adoitado á vivire pol-as outuras elle a causa da miña sorte.

SCHLEICHER. Home: alégrome ben. Pois eu...

HELEN. ¿Tamén déijanos vosté?

SCHLEICHER. É cuáseque seguro, miss Helen.

HELEN. ¡Outro menos!

SCHLEICHER. Perdoe, miss Helen. Eu decátome da pena fonda que lle damos cada vez que un de nós vaise. Mais como dí o Spiller: sonlle cousas da vida. Eu non fujo, Helen. Eu non son un desertor. Eu teño a mesma fé qu'o primeiro día. Terei que marchare do Nova-York. Unha casa de nitratos do Chile faime proposiciós moito ventajosas, qu'eu non poido desbotare, pois trá-

tase do meu porvire. En pensamento sempre estarei con vostedes. Escribireilles á cotío. Conten conmigo pra todo.

HELEN. Non diga mais, Schleicher. ¿Pra qué? Eu ben sei que vosté é dos bós. Aínda qu'eu decatárame de que vostedes fujían de mín, de que perderan a fé ¿qué tería de lles decire? ¿Con que dreito pídolles eu á vostedes unha fé qu'eu ja sinto esmorecere? Decátense. Eu non sei nada da cencia. Eu non sei si-os mortos viven ou non no alén. Eu soilo sei que o seu pensamento henche o meu pensamento, que sinto por él o mesmo amor dos primeiros días, ¡d'aqueles ditosos días da sua vida! Eu ja non sei si teño fé. Mais ó que sei ben craramentes é qu'eu teño espranza. Toda eu son espranza, meus amigos. ¿Fé? Fé non sei. Si ó agardare sempre, si ó estare sempre agardando—coa doce espranza de me comunicare cô il—é fé, eu teño fé. Fé de muller, non de crênte.

SCHLEICHER. Vosté ten que retornare â vida.

SPILLER. O mesmo dígolle eu.

SCHLEICHER. Sí, Helen. Vosté ten que retornare â vida. É unha pena mui grande que vosté, tan moza, acóchese na sua casa pra sempre. Vosté ten dreito â felicidade. Pode, aínda, sere feliz. ¿Por qué non? A morte d'aquel home, tan querido pra vosté, foi ben chorada e ninguén pode acaloñala á vosté decindo que ajiña esqueceuno.

SPILLER. É certo. Eso mesmo ten dito a miña noiva.

SCHLEICHER. E diraio todo o mundo. Decátese de que agora vai ficare aínda mais soia. Nós éramos pra vosté como un fiíño de espranza. Namentras nós compartimos con vosté as mágoas d'as nosas sesións, ben iba. Aínda había quen compartía con vosté a espranza. Mais agora vai ficare soia. Non terá mais compaña qu'os seus mouros pensamentos. Vosté vai á sere na vida como a soma d'unha fu-

geira, como un verdadeiro pantasma da vida.

SPILLER. Eu ja ofercínlle falare cô Charles Chaplin. Podía vire con nosco.

SCHLEICHER. Eu tamén oférzolle traballare pra conquerire unha praza nas nitreiras do Chile. Sinto por vosté unha fonda simpatía. E coido que seríame doado o conquerimento da praza. ¿Vosté non sabía moito ben a mecanografía?

HELEN. Sí. E seina aínda. Mais non perdan-o tempo. A miña estrada ja sei cal é. Eu agradézolles moito ó que por mín queren faguere. Moitas gracias, meus amiguiños. Si algún día percisо de vostedes me non esquecerei dos seus ofercimentos.

SCHLEICHER. Coste que ísto non é falare por falare. Eu dígollo de todo corazón.

SPILLER. Y-eu tamén.

HELEN. Ben-ó sei, meus amigos, e Deus llo pague.

SCHLEICHER. *(Dempois d'unha pequena pausa).* ¿Non faguémol-a invocación?

SPILLER. ¿Quén sabe si aínda...?

SCHLEICHER. Pode dare que por derradeiro día...

HELEN. Como queiran vostedes. ¿Non sería mellor agardarmos pol-o Jex-Blake?

SCHLEICHER. Coido que sí. ¿Tardará moito?

HELEN. Tan ben como eu saben vostedes qu'él adoita á chegare cedo.

SPILLER. Eu non teño presa...

SCHLEICHER. Nin eu tampouco. *(Pausa)*.

HELEN. ¿E vostedes que pensan de mín?

SCHLEICHER. Non entendo...

SPILLER. Aínda acabámoslIo dó decire.

HELEN. Non falo de mín como persoa. Falo de mín como *medium*. Vostedes saben qu'as miñas condicións eran mui boas. Dendes qu'él morreu non abranguimos nin un soio resultado positivo. ¡Nin unha soila vez moveuse o velador! ¿Non coidan vostedes que isto é algo misterioso?

SCHLEICHER. D'iso ja temos falado. Mais é mui posibre que toda a sua forza viñera da forza do noso mêstre, qu'a *mediumnidade* de vosté fose, como si dijéramos, unha *mediumnidade* emprestada. ¿Quén sabe?

SPILLER. Todo isto do alén elle mui compricado...

HELEN. ¿Parce que chamaron?

SCHLEICHER. Sí, chamaron.

JEX-BLAKE. *(Fora da porta).* ¿Pódese pasare?

HELEN. Adiante. *(Entra o JEX-BLAKE).*

JEX-BLAKE. Meus queridos amigos... Son, pol-o visto, o derradeiro en chegare.

HELEN. Botábamolo de menos. Ja perguntaran por vosté os compañeiros.

JEX-BLAKE. ¡Veño tolo de ledicia!

HELEN. Tamén vosté?

JEX-BLAKE. ¿Cómo tamén?

HELEN. ¡Todos veñen tolos de ledicia! O Spiller ten feita unha contrata cô Charles Chaplin, pra faguere películas. O Schleicher marcha pra o Chile. Vai empregado pra unhas nitreiras. ¡Vánse todos, todos! E agora chega vosté e dí tamén que ven tolo de ledicia. ¿É que vaise marchare, Jex-Blake?

JEX-BLAKE. Pol-o d'agora non. Veño ledo, Helen, porque teño resolto un gran probrema: ¡un probrema que será pr'a humanidade o mais grande adianto e a mais forte revolución!

SCHLEICHER. ¿Un probrema de ingenieiría?

JEX-BLAKE. Naturalmentes...

HELEN. ¿E vaise vosté?

JEX-BLAKE. Pra qu'eu faga ó que teño que faguere, pr'a qu'ajiña póñame ou non á os meus traballos, soiamentes perciso unha cousa.

SPILLER. ¿Qué é, home? Conte.

JEX-BLAKE. Vosté, Schleicher, coñece, sin dúbida, a novela do seu compatriota Kellermann.

SCHLEICHER. É un dos libros mais lîdos na miña patria.

JEX-BLAKE. A novela chámase «O Túnel». O ingenieiro Mac Allan, n'esa novela, resolve un probrema titánico: un túnel que, por debaijo do Mar Atlántico, junta â nosa América coa vella Europa. Ise túnel, na novela do seu compatriota, sal de preto do Nova-York, pasa pol-as illas Bermudas, vai dempois pol-as Azores, e toca por fin na Europa en dous paradoiros: o cabo Fisterre e «Les Sables», na Francia. ¡Ise sono pantástico pode sere unha realidade!

HELEN. ¿Vosté...?

JEX-BLAKE. ¡Eu!

SCHLEICHER. Mais iso é colosal, xurdio...!

SPILLER. É como un conto de fadas...

JEX-BLAKE. Na novela do Kellermann o probrema resólvese pol-o invento d'unhas furadoras especiaes. Eu téñoo resolto d'outro jeito.

HELEN. ¡Jex-Blake! ¡Un túnel por debaijo do mar! ¡Qué sono! *(Ademirada e chea de fé).*

JEX-BLAKE. ¡Qué sono, meus amigos! Pois iste sono pode sere unha realidade. O sono de moitos anos tócoo ja coas maus, ¡téñoo nas maus, Helen.

SCHLEICHER. ¡Colosal!

SPILLER. ¡Qué fermoso pra unha película...!

SCHLEICHER. Vosté dijo denantes, Jex-Blake, que pra encomenzare os seus traballos soiamentes percisaba unha cousa.

JEX-BLAKE. Unha soia.

SCHLEICHER. ¿Cartos?

SPILLER. ¡Unha millonada!

HELEN. *(Estantía)*. ¡Qué sono!

JEX-BLAKE. Teño cartos. Veño de comprometere ao banqueiro mais forte do mundo.

SCHLEICHER. ¿Gentes?

JEX-BLAKE. As gentes virán á milleiros.

HELEN. ¿Quén ll'ajude?

JEX-BLAKE. Quen m'ajude.

SPILLER. Mais pagando...

JEX-BLAKE. Perciso resolvere denantes un probrema meu, íntimo, do corazón. Denantes de me pôr âs obras, teño de sabere unha cousa...

HELEN. ¿E qué cousa?

JEX-BLAKE. Que á unha pergunta miña respondan sí ou non.

HELEN. ¿E si lle dín que sí?

JEX-BLAKE. ¡Á traballare cheo de folgos!

HELEN. ¿E si lle dín que non?

JEX-BLAKE. Á traballare, tamén. Sempre á traballare. Mais quero deijare resolto iste asunto. Quero sabere si hei traballare aloumiñado, cheo de quentura e d'amor pol-a miña obra, ateigado d'agarimo pr'a humanidade, ou si terei de traballare como quen fai ó imposto por unha forte obriga. ¡Quero sabere si o meu traballo será sempre un sono, como sono foi sempre na miña-y-alma, ou si será pra min, nada mais, que un novo traballo d'ingenieiría, un pouco mais traballoso qu'os outros! ¡Vencel-as entranas do

mar pra que escintileen de luz, crebando os penedos y-as lajes como quen colle frores, ou índo contra d'elas como un doente, á vencelas pol-a forza, porqu'opoñan a súa forza â miña fé!

SCHLEICHER. ¿Unha obra de amor ou unha obra de traballo?

JEX-BLAKE. De traballo aceso. Todo traballo é un pouco amoroso. Mais hai un amor nidio, maino, cheo de molecencia, que fai que todo brile, e hai un amor qu'é todo vountade, forza contra a forza, que fai que todo s'esmoreza.

HELEN. Sempre vín en vosté un home ademirabre. Hoje vejo que vosté é un genio.

JEX-BLAKE. Non teño mais mérito qu'o da vountade. ¡Mais rexa é qu'os penedos do fondo do mar!

SPILLER. Vosté trunfará.

JEX-BLAKE. Seino. Mais eu quero un trunfo compreto.

SPILLER. Si abrangue ó que quer...

JEX-BLAKE. Aínda feito o túnel pantástico me non atoparía ledo. A miña vountade será mais forte qu'os penedos. ¿E as outras vountades?

¿Non serán tan fortes como a miña? Contra da pedra pódense empregaren as furadoras. O ferro amolece pol-o fogo. O mesmo diamante,—o corpo mais duro—fúndese no cruxol eléctrico. ¿Qué furadoras e qué cruxoles hai pr'a vountade dos demáis?

SCHLEICHER. A propia vountade.

SPILLER. Escravizar aos outros.

JEX-BLAKE. Non quero escravos â miña beira.

HELEN. Fai vosté ben en pensar d'ise jeito.

JEX-BLAKE. Agora ao qu'importa. A pensar nos cruxoles pr'as pedras e nas furadoras pr'as entranas do mar. ¡América y-Europa cinguidas pol-o ferro, forte vencello d'amor!

HELEN. ¿Y-eu?

JEX-BLAKE. ¡Á vivire, Helen!

HELEN. Ja vivo.

SCHLEICHER. Á vivire a vida.

HELEN. ¿A de vostedes? ¡É a miña a que teño de vivire!

SPILLER. Pois á vivire a súa, n'iste instante, todos nós. É a nosa derradeira juntanza.

JEX-BLAKE. ¿Faguémol-a invocación?

HELEN. Sí; fáganna. *(Evocadora)*. Un tú-

nel de pensamentos, pol-as entranas do alén, pra chegare ao seu pensamento!

SCHLEICHER. Vaise faguere tarde.

SPILLER. ¿Cánto tempo estaremos hoje?

JEX-BLAKE. Como sempre. Duas horas.

HELEN. ¿Vosté non ten presa, Jex-Blake?

JEX-BLAKE. Endejamais. ¡Levo moito tempo agardando!

HELEN. ¡Eu agardarei sempre!

JEX-BLAKE. ¿Sempre?

SCHLEICHER. *(Que ja se sentou e pujo as maus no velador)*. ¿Imos?

SPILLER. Imos. *(Séntanse os catro aorrededore do velador, poñendo as maus encolo d'il)*.

JEX-BLAKE. ¿Quén fai a invocación?

HELEN. Vosté, Schleicher.

SCHLEICHER. *(Recitando)*. «No nome de Deus, topoderoso, pregámosche que veñas á nós. Qu'os teus espritos familiares ajúdenche pra o comprimento dos nosos deseios. No nome de Deus.....» *(Recita en voz baija)*.

(PASENIÑAMENTES VAI CAÍNDO O PANO)

# CADRO TERCEIRO

O mesmo decorado. HELEN e JEX-BLAKE, sentados, coas maus postas no velador. Longo silenzo.

JEX-BLAKE. *(Retirando as maus).* É ista a derradeira proba.

HELEN. A derradeira.

JEX-BLAKE. E.... ¡nada!

HELEN. ¡Nada!

JEX-BLAKE. *(Silenzo).* E... non veu.

HELEN. ¡Non veu, non!

JEX-BLAKE. ¿Ten aínda algunha dúbida?

HELEN. ¡Ningunha!

JEX-BLAKE. ¿Atópase convencida, Helen, de que non virá endejamais?

HELEN. ¡Atópome!

JEX-BLAKE. Fai hoje un ano da sua morte.

HELEN. *(Com'un eco).* ¡Fai hoje un ano da sua morte!

JEX-BLAKE. Cando él vivía, un fondo respeto e un grande agarimo por él fixé-

ronme estare calado. Dendes qu'él morreu, un fondo respeto por vosté, y-o seu prego de que m'eu calara, fixéronme seguire no silenzo. ¿Chegou o momento de qu'eu fale, Helen?

HELEN. ¡Chegou!

JEX-BLAKE. ¿Podo falare?

HELEN. ¡Pode!

JEX-BLAKE. Pois... ¿á qué decire cousa algunha? O meu silenzo, o meu fondo respeto, teñen falado por mín. ¡Eu quéroa, Helen!

HELEN. ¡Seino ben, Jex-Blake!

JEX-BLAKE. E quéroa honradamentes, como vosté merece e como tiña que ser. Quéroa pra faguela a miña dona, pra que seia a miña muller.

HELEN. Seino. E agradézollo.

JEX-BLAKE. Coido, Helen, que nada hai entre nós que poida arredárenos. ¡Sombras nada mais! ¡A sombra d'unha lembranza! Eu, frente d'isas sombras, perséntome en carne e hoso. Chámanme o traballo e a vida. Soiamentes agardo a sua resposta. Si vosté quéreme,pra traballare côs azos

do seu agarimo. Si vosté desbótame, pra traballare coa morte na-y-alma: mais sempre pra traballare.

HELEN. ¡Grande forteza a de vosté!

JEX-BLAKE. ¡Fale, Helen; fale! Qu'eu seipa si terei de vivire pra vosté ou si vivirei coa morte no corazón.

HELEN. ¿Será vosté capás de m'escoitare?

JEX-BLAKE. Son capás de todo.

HELEN. ¿De todo?

JEX-BLAKE. ¡De todo!

HELEN. ¡Pois eu teño que lle dare a morte ao seu corazón!

JEX-BLAKE. ¡Helen!

HELEN. Eu non sei—non-ó sei, meu amigo—si quéroo á vosté ou non. ¡Non-ó sei! Ó que sei, sí, é qu'a lembranza é mais forte qu'a realidade.

JEX-BLAKE. ¡Helen!

HELEN. Escóiteme. ¿Non dí qu'é capás de todo?

JEX-BLAKE. *(Faguendo un esforzo)*. ¡De todo!

HELEN. Pois escóiteme. Vosté dime que non hai nada entre nós que poida arredárenos. Que non hai mais que sombras. Que non hai

mais qu'a sombra d'unha lembranza! Pois esa sombra é tan forte, tan de carne e hoso, que cóidoa mais de carne e hoso que vosté, Jex-Blake.

JEX-BLAKE. ¡Helen!

HELEN. Escóiteme. Cando él morreu eu agardaba por él. ¡Endejamais me mintira! Y-eu tiña a seguranza de que viría, porque tiña eu a sua pormesa escrita, a da sua derradeira carta. Inganóume, por primeira e derradeira vez, porqu'il inganóuse á sí mesmo. ¡A súa fé era unha mentira! Mais alén da vida —dígoo convencida—non hai nada.

JEX-BLAKE. Pois si non hai nada, Helen, ¿qu'agarda?

HELEN. ¡Nada!

JEX-BLAKE. Pois logo... ¡Non entendo!

HELEN. Non entende, non. Non agardo, non creio. Mais a lembranza ¡sí que é unha forte realidade, Jex-Blake! Á forza d'agardare, lembrándome d'il, ¡téñoo conmigo, vivo e agirgilante! ¡Está vivo, Jex-Blake! Non é unha

sombra. ¡É unha forte realidade, mais forte que todo.

JEX-BLAKE. ¡Helen; miña Helen! Véjoa perdida.

HELEN. Y-eu véjome salva. ¡E ademáis téñoo salvo á él do esquecemento, Jex-Blake! ¡Do esquecemento, que é a única morte verdadeira! O alén atópase vivo porqu'hai almas que recordan, porqu'as lembranzas son tan vivas com'a vida mesma. ¡Tan vivas, que él, o morto, agora ten mais forza que vosté y-a vida!

JEX-BLAKE. Desacougos, fillos da delor, Helen. Veña á mín. Volva â leda realidade aloumiñadora da vida e do amor.

HELEN. Estou ja cô amor e côa vida.

JEX-BLAKE. Â realidade do meu agarimo. ¡Non faga qu'eu leve a morte na y-alma!

HELEN. Non-a levará, Jex Blake. Vosté levará na-y-alma ó qu'eu teño: a saudade. Pra vosté morrerán as nosas relaciós amistosas. Pasarán anos. Virá a vellez pra vosté. O trafego dos seus traballos quezaves fará que esqueza todo o de hoje. Mais a sau-

dade non morrerá no seu corazón! Ista doce mágoa, ista leda tristeza do meu recordo, hencherán a sua-y-alma ja pra toda a sua vida! E a leda tristeza, a doce mágoa van, paseniño, paseniño, camiño da espranza. ¡Por qu'eu agardarei sempre! ¡E vosté sempre agardará, tamén! ¡Mais forte qu'a realidade, vivida día por día, que me dí qu'él non volverá endejamáis, é ista espranza que non pode morrere! ¡Mais forte qu'a realidade que ll'eu digo ten de sere pra vosté a espranza de que un día direille ó que vosté agardará ja pra sempre!

JEX-BLAKE. Helen...! ¿Podo agardare, logo?

HELEN. Pode... e debe. Aínda que non quera... agardará, meu amigo. Y-eu agardarei tamén, Jex-Blake.

JEX-BLAKE. ¿E por qué non juntos, Helen? ¿Por qué non â miña beira?

HELEN. Porqu'eu non sei mentire. ¿Lle non digo qu'él atópase eiquí, entre nós, mais forte que vosté?

JEX-BLAKE. Helen... ¡Levo a morte no corazón! ¡Mais tamén levo a luz conmigo! ¡Porque agardarei sempre!

HELEN. ¡Agardaremos!

JEX-BLAKE. ¡Hastr'a morte!

HELEN. E mais alén da morte. ¡Porqu'a saudade dos nosos amores sí que non morrerá endejamáis!

*(Unha rayola entra pol-a fenestra. A pareja aparce acesa pol-o Sol).*

## (PANO SÚPETO)

**FIN**

NOTA.—Prégase que, de cadro a cadro, o pano fique baijo nada mais q'uns segundos.